

A DESCOLONIZACIÓN

Os imperialistas europeos (...) teñen a responsabilidade de manter o statu quo. E, naturalmente, empregan (...) a técnica do <nunca poderán conseguir iso> para atrasar o proceso en África (...)

É corrente pensar que o africano non posúe capacidade política; que non ten relixión nin pode resolver os asuntos internos do seu país (...); non hai ningún país africano que non tivese os seus líderes antes da invasión europea (...).

Chegou a hora de que cada nación africana dependente debe dirixirse ao seu <amo> europeo e dicirle: <Poñámonos de acordo en cano e como terminarán vostedes o seu control sobre os noso dereitos soberanos> (...). Ofrezco un período de dez a quince anos para a transmisión dos gobernos africanos aos africanos responsables (...).

Advertimos a todos que África chegou ao límite da súa paciencia respecto de a situación actual. Quere a liberdade de modo que sexa libre para pensar, planificar e executar por se mesma. Quere ser libre para continuar a súa contribución - na arte, na ciencia, a industria, a filosofía- ao progreso do home en África e ao enriquecemento xeral deste mundo único.

Mbonu Ojike. África hoxe e mañá. 1945.

Nós afirmamos o dereito de todos os pobos colonizados a dirixir o seu propio destino. É necesario que todas as colonias sexan liberadas do dominio estranxeiro, sexa este político e económico.

Os pobos das colonias deben ter o dereito a elixir os seus propios gobernos (...). Nós dicimos aos pobos das colonias que deben loitar para alcanzar estes obxectivos con todos os medios de que dispoñan (...). A loita polo poder político é o primeiro paso e a condición previa e necesaria que ten levar á plena emancipación social, económica e política. O Congreso Panafricano invita a todos os traballadores das colonias a organizarse efectivamente e a situarse á vangarda da loita contra o imperialismo. As súas armas, a folga e o boicot son invencibles. Nós invitamos igualmente aos intelectuais e profesionais das colonias a tomar conciencia das súas responsabilidades (...)

¡Pobos colonizados e sometidos do mundo, unídevos!

V Congreso Panafricano de Manchester. Resolución, 1945.

A Asemblea Xeral da ONU (...) proclama solemnemente a necesidade de poñer fin rápida e incondicionalmente ao colonialismo en todas as súas formas e manifestacións.

Declara que:

1. A suxeición de pobos a unha subxugación, dominación e explotación estranxeiras constitúe unha negación dos dereitos humanos fundamentais, é contraria á Carta das Nacións Unidas e compromete a causa da paz e da cooperación mundiais.

2. Todos os pobos teñen o dereito de libre determinación; en virtude deste dereito, determinan libremente a súa condición política e perseguen libremente o seu desenvolvemento económico, social e cultural.

3. A falta de preparación na orde política, económico, social ou educativo non deberá servir nunca de pretexto para atrasar a independencia.

4. A fin de que os pobos dependentes poidan exercer pacificamente e libremente o seu dereito á independencia completa, deberá cesar toda acción armada ou toda medida represiva de calquera índole dirixida contra eles, e deberá respectarse a integridade do seu territorio nacional.

5. Nos territorios en fideicomiso e non autónomos e en todos os demais territorios que non lograron aínda a súa independencia deberán tomarse inmediatamente medidas para traspasar todos os poderes aos pobos deses territorios, sen condicións nin reservas, en conformidade coa súa vontade e os seus desexos libremente expresa dous, e sen distinción de raza, credo nin cor, para permitirlles gozar dunha liberdade e unha independencia absolutas.

6. Todo intento encamiñado a quebrantar total ou parcialmente a unidade nacional e a integridade territorial dun país é incompatible cos propósitos e principios da Carta das Nacións Unidas.

7. Todos os Estados deberán observar fiel e estritamente as disposicións da Carta das Nacións Unidas, da Declaración Universal de Dereitos Humanos e da presente Declaración sobre a base da igualdade, da non intervención nos asuntos internos dos demais Estados e do respecto dos dereitos soberanos de todos os pobos e do seu integridade territorial.

Asemblea Xeral da ONU. Resolución 1514. Nova York, 14 de decembro de 1960

Deixádmeme propoñervos cinco axiomas da non violencia tal e como eu enténdoo:

1. A non violencia implica un esforzo de autopurificación tan completo como sexa posible (...).

3. A non violencia é, sen excepción, superior á violencia; é dicir, o poder do que dispón un adepto da non violencia do que tería se recorrese á violencia.

4. A non violencia exclúe a eventualidade dunha derrota. A derrota máis certa é o fin da violencia.

5. O obxectivo final da non violencia é a vitoria.

Mahatma.K.Gandhi. Declaracións, 1935

Na miña modesta opinión, a desobediencia ao mal é un deber tanto como o é a obediencia ao ben. No entanto, no pasado, a desobediencia foi expresada, con deliberación, en forma de violencia contra o perpetrador do mal. O meu cometido é o de demostrar aos meus compatriotas que a desobediencia violenta só multiplica o mal e, posto que o mal só pode sobrevivir grazas á violencia, negarse a apoiar ao mal require o abandono incondicional da violencia. A non violencia implica a submisión voluntaria ao castigo pola desobediencia ao mal. Xa que logo, estou aquí para dar a benvida e

someterme de bo grado ao cumprimento da pena máis alta que poida serme inflixida polo que segundo a lei é un delito deliberado e polo que a min paréceme o deber civil supremo. O único que poden facer, señoría e señores asesores, é ou ben dimitir do seu cargo e así distanciarse do mal se senten que a xustiza que deben administrar é un mal e que en realidade son inocente, ou ben inflixirme a pena máis severa se cren que o sistema e a lei que consenten en administrar é boa para as persoas deste país e que a miña actividade é, xa que logo, prexudicial para o ben común.

Alegato de Gandhi ao ser condenado a seis anos de cárcere en 1922, acusado de sedición.

Xa sinaliei que había dous modos de adquirir a autonomía: unha, pola revolución armada, e outra, polos métodos non violentos, constitucionais e lexítimos. Eu puxen como exemplo (...) a vitoria alcanzada na India sobre o imperialismo británico por medio da presión moral. Nós preconizamos o segundo método. Con todo, a liberdade non foi concedida a ningún país colonial en bandexa de prata: só se gañou tras amargas e vigorosas loitas. A causa do atraso das colonias en materia de instrución, a maioría das xentes son iletradas e só hai unha cousa que elas poden comprender: a acción.

Kwame Nkrumah. Presenza africana (declaracións á prensa). 2-III-1957.

A Conferencia Afroasiática prestou seria atención ao problema da paz e da cooperación mundial. Examinou con profunda preocupación o actual estado de tensión internacional co conseguinte perigo dunha guerra atómica mundial. O problema da paz está ligado ao problema da seguridade internacional. A este propósito, todos os Estados deben cooperar, sobre todo, a través das Nacións Unidas en realizar a redución das armas atómicas baixo un válido control internacional. Neste modo pódese promover a paz internacional e a enerxía atómica pode ser usada exclusivamente para fins pacíficos. (...)

Todas as nacións deberían ter o dereito de escoller libremente os seus sistemas políticos e económicos e o seu modo de vida en conformidade cos fins e principios da Carta das Nacións Unidas.

Libre de sospeitas e de medos e animados pola fe e boa vontade dunha cara a outra, as nacións deberían practicar a tolerancia e vivir xuntas en paz e de bos veciños a desenvolver unha cooperación amigable sobre a base dos (...) principios seguintes:

1. Respecto polos dereitos fundamentais do home e para os fins e principios da Carta das Nacións Unidas.
2. Respecto para soberanía e a integridade territorial de todas as nacións.
3. Recoñecemento da igualdade de todas as razas e de todas as nacións, grandes e pequenas.
4. Abstención de intervencións ou interferencia nos asuntos internos doutros países (...).

Conferencia de Bandung, 1955. Declaracións en favor do desenvolvemento da paz e a cooperación mundial.

A Conferencia Afroasiática, logo de discutir os problemas dos pobos dependentes e do colonialismo e os males que deles se derivan, atopouse de acordo:

1. En declarar que o colonialismo, en todas as súas manifestacións, é un mal ao que hai que poñer fin rapidamente.
2. En afirmar que a suxeición dos pobos ao xugo estranxeiro, a dominación e a explotación que constitúen a negación dos dereitos fundamentais do home, están en contradición coa Carta das Nacións Unidas e son un obstáculo para o desenvolvemento da paz e da cooperación mundial.
3. En declarar o seu apoio á causa da liberdade e da independencia de todos os pobos dependentes e, para rematar,
4. O chamar ás potencias interesadas a fin de que concedan liberdade e independencia a estes pobos.

Conferencia de Bandung, 1955. Declaración sobre os problemas dos pobos dependentes.

DECLARACIÓN XERAL

O pobo francés, polo referendo do 8 de xaneiro de 1961, recoñeceu aos alxerinos o dereito de escoller, mediante consulta por sufraxio directo e universal, o seu destino político con relación á República francesa. As conversacións celebradas en Evian do 7 ao 18 de marzo de 1962 entre o Goberno da República e a Fronte de Liberación Nacional chegaron á seguinte conclusión: un alto o lume acordouse; concluirán as operacións militares e a loita armada en territorio alxerino o 19 de marzo. As garantías sobre realización da autodeterminación e organización dos poderes públicos en Alxeria durante o período transitorio, definíronse de acordo. A formación, como secuela da autodeterminación dun Estado independente e soberano, parece conforme ás realidades alxerinas; nestas condicións e respondendo ao interese dos dous países, a cooperación de Francia e de Alxeria, o Goberno francés estima co F.L.N. que a solución da independencia de Alxeria en cooperación con Francia é a que corresponde a esta situación. Polo tanto, o Goberno e o F.L.N. definiron, de acordo, esta solución con declaración que a someterán ás súas electores polo escrutinio de autodeterminación.

Os Acordos de Evian sobre a autodeterminación de Alxeria. 18 de marzo de 1962

O Consello de Seguridade,

Expresando a súa constante preocupación pola grave situación no Oriente Próximo.

Insistindo na inadmisibilidade da adquisición de territorios por medio da guerra e na necesidade de traballar por unha paz xusta e duradeira, na que todos os Estados da zona poidan vivir con seguridade.

1. Afirmar que o acatamento dos principios da Carta require que se estableza unha paz xusta e duradeira no Próximo Oriente, a cal inclúa a aplicación dos dous principios seguintes:

- 1) Retirada das forzas armadas israelís de territorios que ocuparon durante o recente conflito
- 2) Terminación de todas as situacións de belixerancia ou alegacións da súa existencia, e respecto e recoñecemento da soberanía, integridade territorial e independencia política de todos os Estados da zona e do seu dereito a vivir en paz dentro de fronteiras seguras e recoñecidas e libres de ameaza ou actos de forza;

2. Afirmar ademais a necesidade de:

- a) Garantir a liberdade de navegación polas vías internacionais de navegación da zona.
- b) Lograr unha solución xusta do problema dos refuxiados;
- c) Garantir a inviolabilidade territorial e independencia política de todos os Estados da zona, adoptando medidas que inclúan a creación de zonas desmilitarizadas

Resolución 242 da ONU sobre Próximo Oriente. 22 de novembro de 1967

Eretz-Israel (Terra de Israel) foi o lugar de nacemento do pobo xudeu. Aquí toma forma a súa identidade espiritual, relixiosa e política. Aquí obtiveron por vez primeira un Estado, crearon valores culturais de importancia nacional e universal e aportaron ao mundo o Libro dos Libros (...).

O 29 de novembro de 1947, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou unha resolución proclamando o establecemento do Estado xudeu en Eretz-Israel; a Asemblea Xeral solicitaba a adopción polos habitantes de Eretz-Israel de todas as medidas necesarias para a execución desta resolución. O recoñecemento do dereito do pobo xudeu a establecerse no seu Estado, feito polas Nacións Unidas, é irrevogable.

O dereito é o dereito natural do pobo xudeu de ser donos do seu propio destino, como todas as nacións, no seu propio Estado soberano (...).

Apelamos no medio do ataque emprendido contra nós desde fai meses aos habitantes árabes do pobo de Israel para que conserven a paz e participen na construción do Estado, nas bases de cidadanía plena e igual e representación correspondente en todas as súas institucións provisionais e permanentes.

Estendemos a nosa man a todos os Estados veciños e ás súas xentes e ofrecemos paz e boas relacións, e apelamos a eles para o establecemento de puntos de cooperación e axuda mutua co pobo xudeu establecido na súa propia terra. O Estado de Israel está disposto a facer todo o posible nun esforzo común para o progreso de Oriente Próximo (...).

Poñendo a nosa confianza no Todopoderoso asinamos esta declaración nesta sesión do Consello de Estado provisional na terra do noso fogar, na cidade de Tel-Aviv, en vésperas do Sabat do día 5 de Iyar, 5708 (14 de maio de 1948).

David Ben Gurion, Declaración de independencia de Israel.

Declaración final da Conferencia sobre o problema do restablecemento da paz en Indochina na que participaron os representantes de Camboia, Estado do Vietnam, Estados Unidos de América, Francia, Laos, República Democrática do Vietnam, República Popular de China, Reino Unido e Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas:

1. A Conferencia toma nota dos acordos que poñen fin ás hostilidades en Camboia, Laos e Vietnam, e que organizan o control internacional da vixilancia para a execución das disposicións destes acordos.
4. A Conferencia toma nota das cláusulas do acordo sobre o cese da hostilidades no Vietnam, prohibindo a entrada de tropas e de persoal militar estranxeiro, así como toda clase de armas e municións. (...)
11. A Conferencia toma nota da declaración do Goberno francés, segundo a cal este, para a solución de todos os problemas ligados ao restablecemento da paz en Camboia, Laos e Vietnam, basearase no respecto da independencia e soberanía, e da unidade e integridade territorial de Camboia, Laos e Vietnam.

Os Acordos de Xenebra sobre Indochina, 21 de xullo de 1954. 1954.



